

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), e se convocan as correspondentes ao ano 2016 (Diario Oficial de Galicia número 166, do 2 de setembro de 2016), convocatoria 2020.

De conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das axudas concedidas, na convocatoria de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.723C.780.1 para o financiamento de proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), cofinanciadas nun 85 % polo FEMP.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



ANEXO

Aplicación 15.03.723C.780.1.

Proxecto	Beneficiario/a	Total
Proposta formativa para a capacitación de mozos e mozas en busca da remuda xeracional no sector pesqueiro	GALP Ría de Arousa (representante)	15.296,10€
	GALP A Mariña Ortegal	15.296,10€
	GALP Golfo Ártabro Norte	15.296,10€
	GALP Seo Fisterra, Ría Muros-Noia. Costa Sostible	15.296,10€
	GALP Golfo Ártabro Sur	15.296,10€
Importe total		76.480,50€

Proxecto	Beneficiario/a	Total
Emprego inclusivo na zona costeira galega	GALP A Mariña Ortegal (representante)	18.119,77
	GALP Golfo Ártabro Norte	18.119,77
	GALP Costa da Morte	18.119,77
	GALP Seo Fisterra, Ría Muros-Noia. Costa Sostible	18.119,77
	GALP Ría de Arousa	18.119,77
	GALP Golfo Ártabro Sur	18.119,77
Importe total		108.718,62

Proxecto	Beneficiario/a	Total
Pasaporte Rema	GALP Costa da Morte (representante)	28.344,55
	GALP A Mariña Ortegal	22.000,00
	GALP Golfo Ártabro Norte	22.000,00
	GALP Seo Fisterra, Ría Muros-Noia. Costa Sostible	21.150,00
	GALP Ría de Arousa	27.100,00
	GALP Ría de Pontevedra	22.000,00
	GALP Ría de Vigo	22.000,00
	GALP Golfo Ártabro Sur	23.700,00
Importe total		188.294,55

